



Memoria de actividades 2022

Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional

Contidos

A Asociación Ambar	4
Datos identificativos	4
Xunta directiva.....	4
Equipo Ambar	5
Misión, visión e valores	5
Premios e recoñecementos	6
40 Aniversario da Asociación	6
Os nosos servizos de atención diúrna	7
O servizo de centro ocupacional	7
O servizo de centro de día.....	7
O noso sistema de traballo	7
Plans Individuais de Atención (PIA).....	7
Sistema de calidade	8
Programas e actividades de Atención Diúrna	9
Servizo de información e asesoramento	9
Atención básica	9
Traballo Ocupacional.....	9
Obradoiros autonomía persoal	9
Obradoiros artesanais.....	9
Obradoiros Artísticos	10
Formación pre-laboral para o emprego.....	10
Coidado da saúde	10
Área de actividades físico-deportivas	11
Programa de Ocio con Apoio	12
OIGO: Oficina para a Igualdade de Oportunidades das Persoas con Diversidade Funcional ..	13
Apoio e información:.....	13
Comisión de Accesibilidade:.....	13
Área de sensibilización:	13
Campañas, visitas e xornadas.....	13



Ámbito educativo	14
VIII Carreira pola Diversidade	16
O Calendario Solidario	16
Día internacional das persoas con diversidade funcional	16
Vivenda con apoio	17
EduDiversa	17
Servizo de emprego	18
Servizo de Orientación Laboral	18
Servizo de emprego para mulleres	18
Formacións para o emprego	18
Programa de voluntariado	19
Mar sen Límites	19
Proxecto Lique	20
Mar Diverso	20
Servizo de Apoio no entorno	22
Servizo de transporte adaptado	22
Contas anuais 2022	23
Ingresos de 2022	23

A Asociación Ambar

Datos identificativos

Ano de constitución: 1982

Tipo de Organización: Asociación sen ánimo de lucro.

Persoas asociadas: 1079

Suxeito ó réxime da lei 49/2002: réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

Persoas beneficiarias: Persoas con Diversidade Funcional e Familias

Área xeográfica: Rianxo, Boiro, A Pobra, Ribeira e Porto do Son.

Campo de actividade: inclusión social e laboral, formación e capacitación, sensibilización e asesoramento.


Utilidade Pública: Orde do 3 de outubro de 2014 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. DOG nº 199 do 17 de outubro.

Rexistro Asociacións: Rexistro provincia de Asociacións da Coruña: 1982/001201-1ª; RUEPSS: Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais E-0089.

Dependencias:

- Sede social : Rúa Castelao, 5 - A Pobra do Caramiñal Caramiñal.
- Centro de Recursos da Barbanza- Lg. De Granxa, 5, San Roque, Ribeira

Xunta directiva





Equipo Ambar

Plantilla media:

Asociación Ambar: 25,805

Centro Especial de emprego Ambar Acción Social: 7,004

Formación interna:

Procuramos o necesario formación interna dos diferentes profesionais. Durante o 2022 as persoas que forman o equipo profesional de Ambar seguiron formándose de cara o crecemento profesional e mellora dos servizos prestados.

En total participaron en 6 accións formativas :

Intervención en entornos Multisensoriais

Metodoloxía Design Thinking.

Contabilidade Social: O Valor social

Medidas de contención mecánica.

Formación para a prevención do acoso sexual ou por razón de sexo.

Sesións relacionadas coa cultura e perspectiva da diversidade da entidade

Nesta anualidade as formacións recibidas foron valoradas cunha valoración xeral do 100%.

Misión, visión e valores

A nosa misión:

Promover a independencia, a autonomía persoal e a igualdade de oportunidades das Persoas con Diversidade Funcional na nosa comunidade.

Visión:

Lograr unha comunidade na que as Persoas con Diversidade Funcional teñan igualdade de oportunidades, que as súas contribucións sexan valoradas e os seus dereitos respectados. Para iso Ambar esfórzase en:

- Aportar servizos para a autonomía persoal e conciliación familiar.
- Facilitar experiencia deportivas, culturais e de lecer.
- Impulsar a expresión artística e creatividade.
- Mellorar a accesibilidade universal.
- Posibilitar a vida independente dentro da comunidade.
- Promover o traballo e emprego digno.
- Sensibilizar e educar en valores.

Os nosos valores:



- Autodeterminación e Independencia.
- Axuda entre iguais.
- Cooperación e Solidariedade.
- Dereitos humanos e civís.
- Diversidade.
- Apoderamento.
- Participación e Inclusión efectiva.

Premios e recoñecementos

PREMIOS BEGOÑA CAAMAÑO. Ambar recibiu este galardón da Deputación da Coruña co proxecto ELAS (grupo de artes escénicas), un premio que recoñece a arte como ferramenta de inclusión e eliminación de barreiras e desigualdades.

Recoñecemento a traxectoria persoal a Milagros Rey Pérez e familia, outorgado por DKV e Fundación Integralía.

Ambar foi a beneficiaria da recadación do **FESTIVAL BENÉFICO DO/AS NENO/AS** que anualmente, polo nadal, organiza academia THE ENGLISH STUDY CENTER.

40 Aniversario da Asociación

Neste 2022 Ambar estivo de aniversario, cumprimos nada máis e nada menos que 40 anos de traxectoria, e para conmemorar esta traxectoria organizou unha serie de accións e eventos baixo o lema “**Dende 1982, impulsando vidas independentes**”.

CALENDARIO SOLIDARIO.- Baixo o slogan “40 anos de cine, 40 anos de Ambar” o tradicional calendario solidario para 2022 recompilou fitos históricos da traxectoria da entidade a par que películas representativas do cine español deses anos.

AMBAR NA RÚA.- Con motivo do 40 aniversario e co obxectivo de visibilizar a labor diaria que desenvolvemos dentro das instalacións do Centro de Recursos, realizamos esta feira que contou con mostras de artesanía en vivo, obradoiros para todos os públicos, información dos nosos proxectos, venta de produtos solidarios, espazos de palique, ..., así como coa participación da artista local Lau Panicanela.

GALA 40 ANIVERSARIO.- Culminamos a celebración do 40 aniversario da Asociación Ambar con unha cea & Baile no restaurante Baiuca (Ribeira) á que asistiron máis de 200 persoas, entre as que se encontraban persoas socias, persoas usuarias e familiares, membros da xunta directiva da Asociación, representantes de administracións públicas e financiadores, empresas e entidades colaboradores e, en xeral, toda persoa que quixese acompañarnos nesta data.

O dramaturgo e narrador oral Quico Cadaval o encargado de iniciar o acto facendo un monólogo e logo acolleu o rol de Mestre de cerimonia. Tamén se contou coas intervencións de Milagros Rey, presidenta de Ambar; Anxo Queiruga, presidente da confederación galega



COGAMI; Manuel Ruiz, alcalde de Ribeira e Fernando Gonzalez, director xeral das Persoas con Discapacidade da Xunta de Galicia.

O festival Mar Diverso e o Proxecto Lique do que daremos conta máis abaixo, tamén formaron parte deste completísimo programa do 40 aniversario.

Os nosos servizos de atención diúrna

Ambar ten dous servizos de atención diúrna de media estadía dirixidos á:

- Previr ou retrasar o deterioro físico e cognitivo
- Fomentar competencias
- Manter habilidades

O servizo de centro ocupacional

Activo desde 1993, está dirixido a persoas que precisan un apoio intermitente nas actividades da vida diaria.

O centro ocupacional ten unha capacidade de 60 prazas, delas están ocupadas 58, sendo 53 das prazas ocupadas concertadas pola xunta de Galicia.

O servizo de centro de día

En funcionamento desde 2009, é un servizo de atención terapéutica enfocado asistencia especializada e á compensación das demandas da tarefa e o entorno. Está dirixido a persoas que precisan un apoio extenso ou apoio xeneralizado nas actividades da vida diaria.

Ten unha capacidade de 20 prazas, 18 delas están ocupadas., sendo 13 delas prazas concertadas pola Xunta de Galicia.

O noso sistema de traballo

Plans Individuais de Atención (PIA)

A avaliación e valoración das persoas usuarias dos servizos de Atención Diúrna faise a través dos PIA (Plans Individuais de Atención), un instrumento de intervención usado para recoller información, obxectivos, propostas, e recomendacións, que actúa nas diferentes dimensións da calidade de vida:

- Desenvolvemento persoal
- Autodeterminación
- Relacións interpersoais
- Inclusión social
- Dereitos
- Benestar emocional, físico e material



A través dos PIA trabállase a aprendizaxe e potenciación das habilidades e as destrezas para:

- Potenciar as habilidades que xa se teñen
- Desenvolver novas habilidades
- Fomentar o desenvolvemento de intereses individuais
- Apoderar ás persoas mediante o respecto dos seus intereses, responsabilidade na toma de decisións, desenvolvemento de estratexias de interacción social e manexo de situacións da vida cotiá
- Potenciar a autoestima mediante a realización artesá de distintos produtos e o traballo cooperativo

Sistema de calidade

Os servizos de atención diúrna contan cunha certificación de calidade ISO 9001, outorgada pola certificadora Bureau Veritas co número ES03047.

Este certificado proporciona ós Centros de recursos unha acreditación ante todos os seus grupos de interese (persoas usuarias e familiares, administracións públicas, empresas privadas e sociedade) de prestar eficazmente os seus servizos e canalizar os seus recursos de forma adecuada.

O ano 2022 deixou como resultados o seguintes:

- **O 94% das persoas usuarias están satisfeitas co servizo recibido.**
- **O 96% das familias están satisfeiras co servizo recibido.**
- **O 72% das persoas que nos visitaron decidiron ser alta no servizo.**

A metodoloxía empregada é a planificación centrada na persoa, unha metodoloxía facilitadora para que cada persoa con diversidade defina as súas metas e viva a vida que lle gustaría potenciando a súa autonomía a través de apoios personalizados.

Programas e actividades de Atención Diúrna

81 persoas usuarias de Ambar beneficiáronse dos nosos programas e actividades.

Servizo de información e asesoramento

Apoio e información para familiares e persoas usuarias sobre servizos, actividades, formación, prestacións, axudas técnicas, trámites... Asesoramento e intervención social a persoas usuarias e familias.

Atención básica

Aportación de apoios para a vida diaria:

- **Servizo de comedor:** Este servizo xestionouse a través de cátering que coordina unha empresa externa proporcionando un menú equilibrado.
- **Xestión de medicación:** profesionais especializados para a administracións da medicación seguindo a prescrición médica.
- Apoio na hixiene.
- Xestión de finanzas.

Traballo Ocupacional

O traballo ocupacional lévase a cabo a través de distintos obradoiros ocupacionais, englobados nas áreas de autonomía persoal, artesanía, arte e formación.

Obradoiros autonomía persoal

Relacionados coas actividades básicas, instrumentais da vida diaria e de desenvolvemento persoal:

- Formación para a vida-instrumental
- Formación para a vida- académica
- Habilidades Académicas.
- Habilidades instrumentais
- Habilidades para a vida na comunidade.

Obradoiros artesanais

Realízase un traballo artesanal a través dos obradoiros de cestería, encadernación, e outras artes aplicadas. Tamén realizamos cultivo de hortalizas ecolóxicas.

- **O 76% dos produtos solidarios elaborados nos obradoiros artesanais realízanse baixo pedido.**

Obradoiros Artísticos

Relacionados coa expresión persoal mediante obradoiros de artes escénicas e plásticas.

As paisaxes de Camille

Como parte do programa de expresión e desenvolvemento artístico levouse a cabo a performance '**As paisaxes de Camille**': unha peza escénica contemporánea que explora a contención, a rabia, a delicadeza e a sororidade, atravesando a imaxinaría escultórica e a vida de Camille Claudel con poemas paisaxísticos, coreografías e humor onírico.

Esta peza foi representada no concello de Boiro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela no marco do festival de artes escénicas USénica, e na sede da Asociación A Xanela de As Pontes.

Formación pre-laboral para o emprego

Enfocámonos na formación e adquisición de habilidades de cara o emprego das persoas con diversidade funcional, polo que participamos nunha formación de **Competencias dixitais para a vida e o emprego**, promovida por Orange. O longo do ano estivemos preparándonos para presentarnos as probas de **Competencias Clave** co fin de poder presentarse a cursos de formación que requiren desta base formativa. Nesta ocasión 4 persoas usuarias presentáronse á convocatoria de competencias clave para o acceso aos cursos formativos de certificados de profesionalidade, que tiveron lugar o 25 de xuño en Silleda.

O 27 de outubro, realizamos unha **visita guiada á feira Edugal** na que participaron 6 persoas participantes na formación de competencias clave, co fin de orientar as persoas usuarias nas diferentes formacións académicas.

Coidado da saúde

Engloba a atención centrada na persoa dende distintas áreas ou disciplinas:

- Servizo profesional de Logopedia
- Servizo profesional de Fisioterapia.
- Servizo profesional de Psicoloxía.
- Servizo profesional de Terapia ocupacional.
- Intervencións individuais e grupais
- Estimulación
- Autocoidado

Nesta anualidade impartimos o taller **Ante a emerxencia non estás só**: levado a cabo coa colaboración da Fundación LaCaixa e dirixido a persoas que conviven soas ou que os



proxenitores son maiores, e que precisan entrenamento para actuar ante emerxencias ou indisposición propias ou do seu familiar.

Área de actividades físico-deportivas

Prestacións de apoios para previr os efectos da vida sedentaria, mediante actividades deportivas e para o desenvolvemento psicomotriz.

O programa de actividades deportivas anuais é o seguinte: runnig, fútbol, baloncesto, piscina, ioga, psicomotricidade, pádel e boxeo.

Deporte na comunidade

Andainas

Leváronse a cabo varias andainas pola contorna e participouse en outras organizadas por diferentes empresas e entidades:

02/06/2022.- Co obxectivo de pasar un momento distendido, fomentando hábitos saudables e a cooperación entre iguais, 30 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar e acompañados por 8 persoas de apoio, desprazáronse ó paseo de Coroso onde deron unha pequena andaina polo paseo marítimo.

08/09/2022.- VII Andaina Congalsa.- Co obxectivo Participar de forma activa nunha actividade deportiva e colaborar en iniciativas solidarias de outras entidades, 17 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar acompañadas por 2 persoas de apoio, participaron de forma virtual na andaina organizada por Congalsa facendo unha ruta do Parque de San Roque ó Castro da Cidade.

Equipo Running

O Equipo de Running participou nas seguintes carreiras da contorna:

- IV MILLA HEROÍNAS DE SÁLVORA (Aguíño)
- XXIII CARREIRA POPULAR SANTA UXIA
- VIII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE RIANXO
- XVII CARREIRA POPULAR MAR DE BOIRO
- II CARREIRA 5K EL CANARIO
- II CARREIRA DE CASTIÑEIRAS - MEMORIAL JUAN VIDAL PÉREZ 2022
- VIII CARREIRA POLA DIVERSIDADE
- CARREIRA INCLUSIVA SIN-SON

Taekwondo

En colaboración co Ximnasio Natural Sport de Ribeira, iniciamos a actividade de Taekwondo cunha frecuencia semanal na cal participaron 6 persoas con diversidade funcional.

Move-T

Continuamos co Programa Move-T, posto en marcha no 2016, un proxecto de vida saudable que ten como finalidade combater o sedentarismo e fomentar un estilo de vida activo e saudable entre as persoas con diversidade funcional. Ademais disto, o programa tamén pretende ensinar ás persoas con diversidade funcional e ás súas familias pautas para unha correcta e axeitada alimentación, evitando o consumo excesivo de produtos prexudiciais para a saúde. A actividade, desenrolada na fin de semana consistiu en participar en clases específicas de psicomotricidade e ximnasia de mantemento adaptadas ás persoas participantes, permitindo ós mesmos a mellora das súas capacidades físicas, das habilidades motoras, da coordinación dinámica xeral, do equilibrio, etc., ó tempo que se contribúe ó retraso do deterioro cognitivo. Levouse a cabo en pavillóns municipais de Ribeira, Pobra e Rianxo

Programa de Ocio con Apoio

Este programa nace da necesidade da xestión do tempo libre das persoas con diversidade funcional, así como das dificultades dos pais/nais/titores legais, para prestar o apoio correspondente que facilite o desenvolvemento social das persoas destinatarias. Polo tanto o obxectivo deste programa é facilitar oportunidades de ocio en comunidade ás persoas participantes co seu grupo de amigos e respectando os seus gustos e intereses. O programa conta coas seguintes liñas de acción:

Ocio con apoio fin de semana. Son actividades puntuais de participación en actividades que se desenvolven na nosa comunidade: festas do verán, actuacións teatrais, concertos, cine, asistencia a programa de TV Land Rober.

Estancias de fin de semana. Son estancias que se realizan durante toda a fin de semana en grupo pequeno. Son "escapadas" a diferentes puntos da comunidade e inclúen aloxamento a pensión completa. Do 30 de setembro – 2 de outubro 5 persoas con diversidade funcional participaron nunha estancia no Balneario de Cuntis.

Respiros familiares. Son estancias de 4-5 persoas, que se realizan de venres a domingo. Inclúen aloxamento a pensión completa, na vivenda da entidade e están destinadas ás persoas con maiores necesidades de apoio, pensadas para ofrecer momentos de descanso e tempo libre ás familias á vez que as persoas participantes disfrutaban dun fin de semana de ocio na comunidade. Por mor do Covid esta ano solo levamos a cabo unha estancia de respiro familiar entre o 25-27 de novembro na cal participaron 5 persoas usuarias do servizo de atención diúrna.

Campamento de verán. Son estancias en época estival de grupos máis numerosos, en albergues ou campings co fin de disfrutar dun ocio grupal potenciando a autonomía persoal, favorecendo a inclusión social e fomentando valores de solidariedade, cooperación e responsabilidade tanto individual como grupal. Nesta aualidade realizamos dúas estancias de campamento, que tiveron lugar no Albergue de As Sinas en Vilanova de Arousa, e no Cámping Paixase II do Grove, do 31 de maio de 2022 – 2 de xuño de 2022, e do 10 ó 14 de xuño de 2022. Destas estancias beneficiaron un total de 43 persoas con diversidade.



OIGO: Oficina para a Igualdade de Oportunidades das Persoas con Diversidade Funcional

A OIGO traballa para fomentar a igualdade de de oportunidades e non discriminación das persoas con diversidade funcional, desenvolvendo as súas accións dende o marco conceptual do modelo social da diversidade funcional, así como a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos Humanos das Persoas con Diversidade Funcional.

Entre as actividades que se desenvolven destacan:

Apoio e información:

Ofrecemos asesoramento e apoio para dar respostas ás necesidades que poidan xurdir ás persoas con diversidade funcional e ás súas familias. A información pode ser solicitada ben por correo, telefonicamente ou persoalmente nas oficinas de Ambar.

Durante o 2022 recibimos 19 consultas (principalmente sobre os servizos de atención diúrna da asociación, actividades inclusivas durante vacacións escolares, consultas sobre trámites relacionados con prestacións económicas, revisións de graos de discapacidade), o que supón un aumento do 52.63% con respecto ó 2021.

Comisión de Accesibilidade:

O ano pasado realizáronse 2 asesoramentos de Accesibilidade a un colexio público de Ribeira.

Ademais tamén se asesorou sobre a solicitude de axudas dentro do programa "mellora da Accesibilidade en vivendas" da Xunta a un total de 15 persoas.

Área de sensibilización:

As accións desta área van encamiñadas a:

- **Favorecer e potenciar o coñecemento da diversidade funcional entre a poboación.**
- **Promover actitudes positivas cara as persoas con diversidade funcional**

Campañas, visitas e xornadas

Campaña #Esperaydesespera promovida por Cocemfe. O 03/05/2022 un grupo de 15 persoas con discapacidade participamos desta campaña para denunciar as intolerables esperas que deben asumir as persoas con diversidade tanto para poder acceder aos seus dereitos polos retrasos na valoración do grado de discapacidade, como polos retrasos na implantación do novo baremo de discapacidade.

Maio Vintage.- 07/05/2022.-Como cada ano non faltamos a cita en Boiro co obxectivo de participar e formar parte da oferta cultural da comarca e visibilizar a labor do obradoiro de arte. Durante a xornada tivemos ocasión de instalar un punto de exposición e venda de produtos elaborados nos obradoiros artesanais e realizar unha peza artística en directo.



Xuño cultural en Ribeira.- Durante os días 17, 21,22 e 23 de xuño participamos desta oferta cultural do Concello de Ribeira. O día 17 colocamos un posto de exhibición e venda de produtos artesanais, mentres que do 21 ó 23 se elaboramos un mural na céntrica Praza de España coa mensaxe Todos Sumamos.

A Tribu do Autocoidado: Un espazo grupal de seguridade, no que as mulleres traballaron para reactivar as propias ferramentas de afrontamento de estrés, o autocoidado e a forza interior, dende una perspectiva de amabilidade, coidado mutuo e respecto.

Nesta anualizade realizamos 2 edicións nos concellos de Boiro e Ribeira, nos meses de abril e maio no que participaron un total de 13 mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Xornada de información xurídica “Da incapacitación xudicial ós novos sistemas de apoio”. O 30 de agosto Ambar organizou esta xornada de información xurídica, financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia a que asistiron arredor de 25 persoas entre as que se encontraban prsoas con diversidade e familiares, así como algún técnico social da comarca. As persoas asistentes recibiron información clara sobre os cambios que implica a nova Lei 8/2021 pola que se reforma o dereito civil, e recibiron asesoramento sobre a aplicación do novo sistema de apoios e o sistema de revisión de sentenzas de incapacitación.

Ámbito educativo

Durante o ano 2022 mantivemos a nosa colaboración con centros educativos da comarca, nos que realizamos actividades de sensibilización como:

10,18,19 de maio.- **PINTÚRA LÚDICA+ MURAL.**- 11 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar, acompañadas por persoal de apoio, estiveron no CEIP Santa María do Castro impartindo un obradoiro de pintura lúdica e pintando un mural cos alumnos do mesmo.

13 de maio.- **Artesanía: cestería.**- 4 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar, acompañadas por persoal de apoio, estiveron no CEIP Praia Xardín facendo unha demostración de cestería na que puideron participar o alumnado que así o desexase.

24 e 26 de maio.- **Artesanía: cestería.**- 6 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar, acompañadas por persoal de apoio, estiveron no CEIP Castelao facendo unha demostración de cestería dirixido a alumnado de 3º e 4º de primaria.

24 e 25 de maio.- **Mural (xogos Populares).**- 9 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar, acompañadas por persoal de apoio, desprazáronse ó EEI A GRANXA para pintar un mural e facer xogos populares xunto co alumnado do mesmo.

25 de maio.- estivemos no les Leliadoura, participando no proxecto **#Relevo2** promovido polos Grupos de acción local do sector pesqueiro coa colaboración de Arenaria Coordinación, S.L.

A nosa psicóloga Mari Carmen, acompañada de Manuel e Fran impartiron unha charla a alumnado de 4 da ESO, onde puidemos poñer en valor a diversidade como motor das comunidades, e ver que todas as persoas temos un lugar na inclusión e na posibilidade de



crear comunidades máis inclusivas, tamén no sector marítimo pesqueiro, onde explicamos os nosos proxectos vinculados ó Mar Diverso e Mar sen límites.

29 de agosto.- Dúas persoas usuarias dos servizos de atención diúrna estiveron impartindo un **obradoiro de cestería** organizado polo Foro ecolóxico de Boiro na praza do centro social do concello.

11, 13,14, 15 de outubro. **Mural colexio Fernández Varela.**- Estivemos cos nenos e nenas do EEI Fernández Varela realizando xuntos a través da pintura unha serie de xogos populares para embelecer o patio do colexio.

Estiveron a cargo desta actividade 10 das persoas usuarias que forman parte da área de arte de Ambar.

19 de novembro.- **CESTERÍA RIBEIRA** (foro ecolóxico).- Tres persoas usuarias dos servizos de atención diúrna estiveron impartindo un obradoiro de cestería organizado polo Foro ecolóxico de Ribeira na praza de Ourense.

21, 22, 25 de novembro.- **CESTERÍA colexio Frións.**- Co obxectivo de Visibilizar o obradoiro artesanal de cestería da man das propias artesáns compartindo con outros colectivos, 8 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar desprazáronse varios días ó colexio de Frións para desenvolver obradoiros de cestería dirixidos a alumnado de diferentes cursos do mesmo.

22 Novembro. **Visita cole EEI A Granxa.** Un grupo de 12 alumnos e alumnas EEI A Granxa (Pobra do Caramiñal) visitaron o centro de Recursos da Barbanza. A primeira actividade que se levou a cabo foi unha pequena presentación na entrada e logo nunha das salas cun grupo de persoas usuarias do centro, fíxose unha actividade a través dun conto "Elmer" para coñecer os valores de Ámbar, a segunda actividade foi un obradoiro de pintura lúdica e para finalizar unha merenda conxunta coas persoas usuarias.

23 de novembro.- **ACTIVIDADES CEIP O FOXO.**- Co obxectivo de Sensibilizar á comunidade educativa en áreas da inclusión e diversidade 18 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar, acompañados de persoal de apoio, desprazáronse ata A Estrada para realizar unha performance de "As paisaxes de Camille", un mural colaborativo e un obradoiro de estampación no CEIP. O Foxo.

14 e 15 de decembro.- **Xornada de Convivencia con I.E.S. Leliadoura.**- Actividade organizada co obxectivo de reivindicar a situación das persoas con diversidade funcional, así como dar a coñecer e poñer en valor a labor da entidade e a nosa implicación cos valores sociais de dereitos humanos. Nestes dous días visitaron o Centro de Recursos 47 alumnos e alumnas de primeiro da ESO que, despois dunha presentación inicial se dividiron en grupos para compartir obradoiros coas persoas con diversidade funcional.

21 e 22 de decembro.- **ARTESANÍA CIP ESCARABOTE.**- Co obxectivo de sensibilizar á comunidade educativa en áreas da inclusión e diversidade co traballo do obradoiro de artesanía, 16 persoas usuarias dos servizos de atención diúrna de Ambar, acompañadas por persoal de apoio, estiveron no CEIP ESCARABOTE facendo estampación en tea con temática do Nadal, nela os nen@s puxeron en práctica a chamada técnica de block-printing que a



través de un selo confeccionado polas persoas artesás e nunhas bolsas de algodón tamaño merenda puideron plasmar as súas creacións.

VIII Carreira pola Diversidade

A Carreira pola Diversidade, tivo lugar o domingo 10 de xullo con saída da Explanada de Coroso, en Ribeira. Máis de 90 persoas participaron en todas as modalidades da carreira de adultos. Nas categorías de zapatilla, handbike, cadeira de atletismo atopámonos con deportistas como Álvaro Ilobre, José M. Barroso e Jose M. de la Iglesia. No pistoletazo de saída tamén contamos ca presenza e o ánimo de María Sampedro, 1ª tenente de alcalde do concello de Ribeira.

Nas tan ansiadas categorías infantiles, que levaban 2 anos sen poder realizarse por mor da covid-19, participaron 82 cativos.

Na entrega de premios, que tivo lugar ás 12:30, estiveron presentes Milagros Rey, presidenta de Ambar, Manolo Ruiz, alcalde de Ribeira, Margarita Hermo, directora de relacións instucionais en Corporación Jealsa, Severo Nieto de Serdeco contratas, Olga Ramos de Neumáticos Soto, Javier Sampedro, concelleiro de deporte e José Manuel de la Iglesia, mebro da xunta directiva de Ambar.

O Calendario Solidario

Unha nova edición do noso calendario solidario veu a luz en decembro, realizado polo fotógrafo Pichero Estudio Fotográfico e outras entidades patrocinadoras e colaboradoras.

Nesta edición o calendario fixo un pequeno xiro sen escapar do audiovisual, recreando míticas co cine español.

Día internacional das persoas con diversidade funcional

O día 3 de decembro, con motivo do día internacional das persoas con diversidade funcional, Ambar organizou unha **ANDAINA POLA DIVERSIDADE**, ca fin de reivindicar a situación das persoas con diversidade funcional, así como difundir a labor da nosa entidade e a nosa implicación cos valores sociais de dereitos humanos.

A andaina discorreu por Ribeira, partindo da avenida do Malecón, ruta do paseo do Touro ata o porto da Ameixida e rematou na praza do Concello coa lectura dun manifesto por parte do equipo de persoas traballadoras e a presidenta da presidenta.

Así mesmo, tamén organizamos **o contacontos "As Cores de Marte"** interpretado por tres persoas con diversidade, que deleitaron ó publico que acudíu a praza do Cantón, na Pobra do Caramiñal, con este conto interactivo de colleita propia.

Vivenda con apoio

A finalidade deste proxecto é dispoñer dun recurso que facilite a transición á vida autónoma e independente, permitíndolle ás persoas con diversidade funcional desenvolver a autonomía persoal e a participación social na comunidade, a través dun programa de ensaio baseado nunha vivenda con apoio, accesible e provista das axudas técnicas e persoais necesarias para as actividades cotiás, organizativas e relacionais.

Permítese así a preparación para afrontar unha vida independente dentro do seu propio domicilio, incluídos na comunidade, aínda cando falten os pais ou persoas de apoio habituais, evitando o internamento en macrocentros fóra da localidade de orixe, producindo un desarraigamento da súa contorna social habitual.

Esta necesidade vai en consonancia co artigo 19 da Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con diversidade funcional: Dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade.

Durante o 2022 residiron no servizo de vivenda con apoio 9 persoas en 2 quendas. A media do obxectivos acadados nos PIVIs do 2022 foi do 51%. 5 das persoas que se beneficiaron do servizo de vivenda con apoio conseguiron acadar máis da metade do obxectivos propostos.

EduDiversa

É un programa de asesoramento e formación sobre a atención á diversidade destinado á comunidade educativa, co obxectivo de crear aulas 100% inclusivas. Ambar ofrece formación, asesoramento e apoio na adaptación de recursos educativos. Edudiversa conta cun espazo web o "**Banco de recursos**" que pretende facilitar a tarefa dos profesionais docentes na procura dos recursos que mellor se adapten ás características do seu alumnado mediante unha recompilación de normativas vixentes relacionadas coa atención á diversidade, recursos informáticos e consellos pedagóxicos apoiados na experiencia dos profesionais de Ambar na atención a persoas con e sen diversidade funcional.

- En outubro Ambar participou nas VI Xornadas 'Ti tamén formas parte do TDAH' organizadas por TDAH Salnés. Lidia Mariño, educadora especialista en atención á diversidade da Asociación Ambar, falou sobre convivencia e inclusión nas aulas.

- En decembro realizamos unha Formación para profesorado do CEIP O Grupo.

- Tamén atendemos dúas peticións de asesoramentos en materia de accesibilidade de dous colexios de Ribeira.



Servizo de emprego

Servizo de Orientación Laboral

Trátase dun servizo específico de orientación laboral en colaboración co Servizo Público de Emprego. O punto forte do noso servizo é a atención personalizada e integral, na cal se ten en conta as necesidades específicas e de empregabilidade das persoas con diversidade funcional.

O Servizo de Orientación Laboral aplica unha metodoloxía activa e participativa en tódalas súas accións para fomentar a interactuación das persoas usuarias do servizo. Principalmente ofrécese información e asesoramento de interese laboral, ademais de recursos, técnicas e ferramentas útiles para as persoas demandantes de emprego potenciando así a súa toma de decisións de cara ao seu futuro laboral e reforzando o seu papel protagonista no proceso.

Neste ano 2022, rexistráronse un total de 389 citas de atención personalizada e **traballouse cunha bolsa activa de 28 persoas demandantes de emprego, das cales 5 persoas demandantes atoparon traballo ao longo do ano.**

Servizo de emprego para mulleres

No marco dos programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, que cada ano convoca a Consellería de Emprego e Igualdade, este ano desenvolvemos un programa de acompañamento, motivacional e de aoderamento para adquirir habilidades actitudinais e aptitudinais, a través de accións individuais personalizadas, permitindo detectar as necesidades e os cambios nas mesmas, así como sesións grupais con equipo reducido para lograr mellores resultados.

O programa desenvolveuse dende abril ata xullo coa colaboración dos concellos de Boiro, A Pobra, Ribeira e Porto do Son, que cederon espazos municipais para poder levar a cabo as accións. O total de mulleres atendidas neste servizo ascendeu a 34.

Formacións para o emprego

Operacións auxiliares de elaboración na industria alimentaria, realizada do 17 de xaneiro ao 29 de xuño, cunha duración de 220 teóricas e 120 de prácticas en empresas, dirixida a persoas con diversidade funcional menores de 30 anos destinada a ocupación de persoal de almacén, carreteiro/a, auxiliares e operarios da industria alimentaria. Esta formación desenvolveuse no centro de recursos da Barbanza e foi posible grazas á financiación da Fundación ONCE e o Fondo Social Europeo. Participaron 10 persoas con diversidade funcional das cales 2 atoparon traballo.

Formación Operacións auxiliares de comercio e recollida e entrega a domicilio, realizada do 2 de marzo a 5 de agosto-, cunha duración de 180 teóricas e 120 de prácticas en empresas, dirixida a persoas con diversidade funcional destinada a ocupación de repoñedores/as,



repartidores/as ou auxiliares de comercio. Esta formación desenvolveuse no centro de recursos da Barbanza e foi posible grazas á financiación da Fundación ONCE e o Fondo Social Europeo. Participaron 10 persoas con diversidade funcional das cales 3 atoparon traballo.

No marco destas dúas formacións tiveron lugar un ciclo de charlas con empresas co fin de aportaron a súa experiencia e coñecementos nos sectores, procesos de selección, perfiles máis demandados, contratación de persoas con diversidade funcional, enfrontarse a unha entrevista. As empresas que participaron neste ciclo de charlas foron:

- **Clece.**- Flavia González.
- **Cooperativa supermercadros Covirán.**- Marisa Arnoso.
- **Tragsa.** - Fe Meitín.
- **Conservas Nosa Arousa.**- Javier Pérez.
- **Congalsa.**- Juan Carlos Rama.
- **Nexo Infinity:** Luisa Vidal e Iván Ferrás,
- **Empresa Micofer-** María Boisa e Gracia Rubianes.
- **Andrea Caride.**-Coach Internacional e Trainer da International Coaching Community.

Obradoiro de formación en competencias dixitais e acceso a portais de emprego, impartido o 5 de outubro por Sandra Mugico, consultora de InsertaEmpleo, de Fundación ONCE. Participaron 5 persoas usuarias do servizo de orientación laboral de Ambar.

Programa de voluntariado

O noso programa de voluntariado busca a participación do voluntariado en actividades que favorezan a inclusión social das persoas con diversidade funcional, mediante a realización de accións de captación e sensibilización de persoas voluntarias, formando un grupo de traballo de voluntariado afín á entidade co fin de proporcionar apoios ás persoas con diversidade funcional e ás súas familias e garantías necesarias para favorecer a súa participación na comunidade.

- N° total de persoas voluntarias: 22
- N° de incorporacións en 2022: 2

Mar sen Límites

O proxecto Mar sen límites: proxecto de vela inclusivo tivo como finalidade a inclusión social das persoas con diversidade funcional a través da navegación a vela e a creación de sinerxías cos axentes do sector marítimo e do patrimonio costeiro, para elo na anualidade 2022 levaronse ou a cabo as seguintes accións:



Bautismos de mar.

Os bautismos están destinados a persoas que non realizaran nunca navegación a vela, deseñados para a iniciación no mundo da vela e da navegación.

Fondeando no mar.

Actividade dirixida a aquelas persoas que xa están familiarizadas coa navegación a vela, co propósito de facer actividades conxuntas con diferentes escolas de vela.

EN-foque náutico.

Charlas e formación sobre diferentes aspectos náuticos e pesqueiros, creando sinerxías entre diferentes entidades e axentes vinculados ó sector marítimo. Realizamos visitas a Lonxa de Ribeira, Museo de embarcacións tradicionais de Cabo da Cruz, Asociación A Gamela, Astelerios Triñanes, e con bateiros da nosa ría

Voluntariado náutico.

Acción formativa dirixida a persoas mozas para que se vinculen a actividades de voluntariado relacionado co mar.

Proxecto Lique

Proxecto desenvolto en colaboración co GALP Ría de Arousa co obxectivo de Promover a inclusión social e a conservación do medio natural a través da realización de actividades de divulgación e educación ambiental para o coñecemento e posta en valor do patrimonio e medio mariño que nos rodea.

Para o mesmo leváronse a cabo as seguintes actividades, **nas que participaron un total de 165** persoas:

- Elaboración de material divulgativo informativo e de lectura fácil sobre os espazos protexidos do parque nacional das illas Atlánticas.
- Visitas aos arquipélagos do parque nacional illas atlánticas que están na ría de Arousa: illas de Cortegada e Sálvora.
- Mostra de marisqueo e degustación. 23 de setembro. Levouse a cabo en Coroso e contou coa participación de 34 persoas usuarias e profesionais de Ambar.
- Obradoiros de flora e fauna, levados a cabo no parque natural de Corrubedo.

Mar Diverso

Mar Diverso é un festival de artes inclusivas que pon en valor o patrimonio e a cultura tradicional mariñeira cunha perspectiva diversa, promovendo **accións artísticas** en espazos singulares. O proxecto enzalza o patrimonio material e inmaterial costeiro a través da expresión artística das persoas con diversidade e dos e das profesionais no eido das **artes plásticas e escénicas**.

Mar Diverso contou coa colaboración dun elenco de artistas de gran renome para levar a cabo as accións que se desplegaron en tres formatos:



1. Acción artística de grande formato:

Para a creación artística de esta peza contamos co traballo do coreógrafo e bailarín Fran Sieira, que traballou xunto cun grupo de mulleres con diversidade funcional durante os meses de febreiro a xuño.

Elaboraron en conxunto unha peza de danza que combina os movementos máis tradicionais coa danza contemporánea, enmarcando a acción na costa galega e a tradición e cultura mariñeira.

A peza, chamada “A serea mariña”, representouse no Concello de Cambados o día 22 de xullo coincidindo coa festa municipal da diversidade e no Concello de Ribeira o día 29 de xullo como peche do festival.

2. Acción artística de pequeno formato:

Para levar a cabo as accións artísticas de pequeno formato contamos co traballo da compañía VacioCero. Nas sesións de traballo crearon, xunto con un equipo de artistas amateur con diversidade funcional, unhas estruturas que conforman as diferentes paisaxes da costa. A peza elaborouse en varias sesións e con diferentes grupos de artistas.

O resultado final foi unha acción colaborativa na que se representaban paisaxes mariñeiras. En cada unha das presentacións das pezas plásticas, presentábanse como apertura estas pezas e cobraban vida diferentes paisaxes atendendo á diversidade coa que contamos na nosa costa e coa que se concibe a arte dende diferentes olladas.

Representáronse nos concellos de Boiro, Illa de Arousa, Rianxo e A Pobra do Caramiñal.

3. Instalacións artísticas:

Para o festival creáronse 5 pezas de diferentes disciplinas plásticas que foron tomando sitio ó longo de 5 concellos, deixando como mostra o resultado do traballo conxunto de artistas profesionais e persoas con diversidade funcional.

Óscar Aldonza, na disciplina de escultura, elaborou a pé de calle, acompañado dun grupo de persoas usuarias da entidade, un releve con motivos da biodiversidade marítima.

Esta peza inaugurouse o día 31 de xullo e está instalada na actualidade na praza de abastos do concello da Pobra do Caramiñal.

Mar Ramón, tamén na disciplina de escultura, pero con especialidade no traballo en cerámica creou un monolito realizado a partir dunha estrutura de ferro e madeira a unha serie de 150 azulexos realizados a mán por un grupo de 7 persoas pertencentes ós grupos artesanais de Ambar. Azulexos nos que as texturas e o volume toman protagonismo, unidos ós esmaltes de cores brancas, azuis e verdes para xerar un vínculo coa mar, a auga e a paisaxe propia da Illa da Arousa. A peza inaugurouse na praia das Saíñas na Illa de Arousa o día 28 de xullo para desfrute de tódalas persoas que accedan a senda do Vao.

Sokram, na disciplina de pintura, realizou un mural de grande formato no Porto de Escarabote, con grande calado social, representado o perigo que sofren os areais da ría debido ó cambio climático e á seca, e como o cambio está nas mans da sociedade. O mural inaugurouse o día 26 de xullo no concello de Boiro coa presenza de tódolos artistas que traballaron



Tere Ramallo, na disciplina de pintura, mediante técnicas de ilustración e técnicas gráficas creou unha instalación pictórica para a Praia da Torre (Taragoña), formada por dúas velas nas cales estaban representadas os atractivos mariños da zona de Rianxo, así como a lenda que da nome á Praia da Torre. A instalación é accesible ó público dende o día 27 de xullo.

Servizo de Apoio no entorno

Por segundo ano consecutivo, durante o mes de agosto volvemos poñer en marcha este servizo que presta apoio personalizado a persoas con diversidade para o emprego de recursos da contorna, así como conciliación familiar durante o período de vacacións dos servizos de atención diúrna.

Foron un total de 7 as persoas beneficiaria que recibiron un total de 206 horas de servizo.

Servizo de transporte adaptado

Ambar xestiona un servizo de transporte adaptado para persoas diversidade funcional que asisten ós servizos de Atención Diúrna, e tamén o transporte adaptado a persoas socias e non socias da entidade, facilitando o desprazamento a persoas con mobilidade reducida para xestións administrativas, citas médicas, desprazamentos de ocio, asistencia a formación, etc.

Nesta anualidade, os vehículos de Ambar realizaron, en total, 170.041km, o que supón unha media semanal de máis de tres mil douscentos quilómetros.

En 2022 atendéronse 83 persoas neste servizo, das cales foron:

75 beneficiarios/ as que se desprazaron diariamente ós servizos de Atención Diúrna.

8 persoas beneficiarias de servizos puntuais.

Contas anuais 2022

Ingresos de 2022

